



INFORMA



COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE 2018 ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA E OS SINDICATOS SPJ-USO, UXT e CCOO – OUTUBRO 2024

Na xuntanta da comisión de seguemento tratáronse tódolos puntos do acordo firmado en 2018 por SPJ-USO, UXT e CCOO:

CREACIÓN DE NOVAS PRAZAS 2025: Logo da creación de prazas acordadas en anos anteriores, na comisión de seguemento **acórdase a creación en 2025 de 24 prazas en Galicia de nova creación, estando pendente de determinar en vindeiras xuntanzas os lugares exactos de creación das mesmas. Igualmente infórmasenos que en 2025 non se prevé a creación de novos xulgados.**

CARREIRA PROFESIONAL: Conforme ó acordo firmado, **con data de efectos económicos 1-1-2025 abrírase o grado extraordinario 3, aínda que se prevé que a apertura se retrase, pero sempre garantizando os efectos económicos de 1-1-2025. Igualmente, a solicitude sindical, garantémosnos que se volverá a abrir o grado extraordinario 1 e 2 novamente. Respecto á apertura dinámica dos graos, está prevista, pero demorarase a súa implantación.**

CLÁUSULA DE REVISIÓN DO CAT 2025: Tralos acordos firmados en diversos territorios con efectos económicos en 2024, 25 e 26, e as negociación en marcha noutros ámbitos, **estase a traballar na comisión de seguemento na aplicación da cláusula de revisión do CAT/CE a fin de garantir que os traballadores da xustiza galega manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencias en Xustiza no que ó CAT/CE se refire. Cos números enriba da mesa, a Administración vai a estudar as discrepancias respecto das cantidades aportadas polas organizacións sindicais respecto das aportadas pola DXX, e prevese nova xuntanza ó respecto para a terceira semana de outubro.**

COMPLEMENTO PARA OS XULGADOS DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER: Neste apartado, unha vez creado o complemento para os Xulgados con competencia sobre a muller, os sindicatos **solicitamos a actualización do dito complemento, así como a ampliación do complemento retributivo ós órganos xudiciais con competencias de Violencia sobre a muller que non cheguen ás 75 dilixencias de violencia anuais, apartado que vai estudar a DXX.**

O INCREMENTO DO CAT ACORDADO EN 2018, A PERCEPCIÓN DO 100% DAS RETRIBUCIÓNS NOS SUPOSTOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL, O COBRO DO 100% DAS RETRIBUCIÓNS NO CASO DE SUBSTITUCIÓNS VERTICAIS, E A CONSOLIDACIÓN DE PRAZAS DE REFORZO DE MAIS DE 3 ANOS foron outros dos puntos do acordo firmado no seu día que se trataron na xuntanza, e que están totalmente cumpridos respecto ó acordado. **Seguiremos a informar!!!**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Bloque <http://spjusogalicia.com>